



DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL, 26 DE OUTUBRO DE 2020

NUN CONTEXTO DIFÍCIL, SEGUIMOS CONSTRUÍNDO DIGNIDADE

Hoxe é 26 de outubro, Día Nacional do Dano Cerebral, e, como cada ano, denunciámos que case medio millón de persoas con Dano Cerebral seguen tendo unhas **condicións de vida moi difíciles**. Na maior parte dos casos, insostibles. A estas persoas un ictus, un traumatismo cranioencefálico ou un tumor cerebral, entre outras causas, cambioulles por completo o seu mundo de maneira súbita. Nun instante o seu día a día deu un envorco radical. As súas relacións, as súas capacidades e as súas preocupacións nunca volveron ser as mesmas. Tampouco para as súas familias: porque unha persoa con Dano Cerebral é unha familia con Dano Cerebral.

Por se isto fose pouco, o 2020 está a ser un ano particularmente duro para o noso colectivo. **A pandemia da COVID-19 impactounos de cheo**. Durante os meses de Estado de alarma, as 46 entidades que forman o Movemento Asociativo de Dano Cerebral en España tiveron que deter a súa atención presencial. Sacaron forzas extraordinarias e adaptaron as súas terapias ao formato telemático, pero aínda así era imposible igualar a calidade do traballo presencial. Por iso, **ás persoas con Dano Cerebral e ás súas familias véuselles o mundo encima** e deron pasos atrás na súa rehabilitación. O seu rendemento físico, cognitivo ou de linguaxe viuse sumamente afectado, así como o seu estado emocional.

Desde a chegada da “nova normalidade” a **actividade puido retomarse de forma presencial** nas entidades, cumprindo ao máximo as medidas sanitarias necesarias para que os centros de atención sexan sempre contornas 100% seguras. Con todo, as novas ondas de contaxios que estamos a vivir na actualidade fan que o apoio de todas as administracións ao Movemento Asociativo de Dano Cerebral sexa agora **máis importante e necesario que nunca**.

Todo isto **coincide co 25 aniversario de FEDACE**. A Federación Española de Dano Cerebral creouse en outubro de 1995 co obxectivo de representar ás persoas con dano cerebral e as súas familias, sensibilizar á sociedade sobre a súa realidade e reclamar á Administración Pública a atención e o apoio especializado que precisan. Transcorreron 25 anos e, aínda que si que se produciron algúns avances no recoñecemento e a atención ao Dano Cerebral, a maioría das reivindicacións seguen vixentes.

Agora **somos 46 entidades e máis de 11.000 familias representadas en FEDACE** e entre todos e todas podemos e debemos lograr que se exerzan e se respecten os dereitos das persoas con

dano cerebral e das súas familias, xa que cada vida salvada merece ser vivida con dignidade. Para iso, **consideramos fundamental**:

- Que se desenvolva e impulse unha **Estratexia nacional de atención ao Dano Cerebral** que garanta a máxima calidade de vida posible a cada persoa con Dano Cerebral.
- Que se cre a **categoría diagnóstica “Dano Cerebral”**, aplicable no momento da alta hospitalaria. Esta categoría debe contribuír a fixar necesidades e criterios de atención para continuar de maneira óptima o proceso de rehabilitación funcional.
- Que se elabore un **censo de persoas con Dano Cerebral** para así determinar a dimensión dos recursos necesarios para garantir a calidade de vida e inclusión social deste colectivo.
- Que se **inclúa á familia como parte beneficiaria do proceso de atención**, e non só como parte colaboradora; co obxectivo de que esta tamén reciba a información, formación e apoio psicolóxico que se precisa durante todo o proceso.
- Que nos plans de atención sociais e sanitarios se contemplen as **necesidades específicas das persoas con Dano Cerebral con maior vulnerabilidade**, como son as persoas con dano cerebral severo, os menores con dano cerebral e as persoas con alteracións graves da conduta; así como das súas familias.

Esperamos que este 26 de outubro, Día Nacional do Dano Cerebral, sirva para axudar a poñer de manifesto a importancia destas demandas e dar visibilidade tanto ao colectivo do Dano Cerebral como as súas necesidades de atención e inclusión social, especialmente vulneradas nun contexto como o actual. Todas as entidades do Movemento Asociativo de Dano Cerebral **somos imprescindibles**, porque a calidade de vida das persoas con Dano Cerebral e as súas familias mellorará grazas ao noso traballo e ao esforzo de todos e todas.

Dado que unha vida salvada merece ser vivida, **sigamos construíndo dignidade**.